



Nº 44 - 2021

CIG

www.cig.gal

Boletín
Sindical

Por unha Galiza ceibe e sen explotación

Derrogar a reforma laboral para combater a pobreza en Galiza

Cada día que pasa sen se derrogar a reforma laboral máis sectores da clase traballadora galega son pobres aínda que teñan un emprego. Nove de cada dez contratos son temporais. Máis de medio millón de persoas, o 20% da poboación galega, ou está en risco de pobreza ou xa na pobreza severa e o 47,20% das familias galegas habitan ou viven en condicións inseguras e insalubres.

Con estes alarmantes datos introducía o secretario xeral da CIG, Paulo Carril, a presentación do Informe de Ingresos Salariais en Galiza en 2019, que elabora anualmente o Gabinete Técnico de Economía da central sindical. Un estudo pormenorizado realizado a partir de datos oficiais da Axencia Tributaria no que se constata unha perda real de poder adquisitivo da poboación asalariada galega, que na última década foi de 3,6 puntos. Un período no que medraron as desigualdades e onde cada vez é maior a porcentaxe de persoas traballadoras con baixos salarios.

Tal é así que se no ano 2009 os ingresos dunha persoa asalariada do tramo máis alto (máis de 10 veces o SMI), equivalían a 66 veces os dunha persoa asalariada do tramo inferior (menos da metade do SMI), “dez anos despois a diferenza é de 1 a 96, 30 puntos máis”.

Até o ano 2019 o grupo máis numeroso de asalariados/as estaba comprendido no tramo de ingresos de entre 1,5 e 2 veces o SMI, porén “en 2019 é no intervalo de entre 1 e 1,5 veces o SMI, preto dunha cuarta parte da poboación”.



Ademais, as persoas de ingresos inferiores á metade do SMI pasaron de ser o 16,5% a ser o 17,72% e o grupo con salarios inferiores ao SMI pasou do 29,9% en 2018 ao 34,4% en 2019.

As persoas novas son as que máis sofren esta precariedade laboral. En 2009 unha persoa maior de 18 anos que atopaba un traballo tiña uns ingresos de en torno a 3.754€ anuais e en 2019 pasou a ter 1.995€, un 54,2% menos.

Tamén no caso das mulleres os ingresos medios en 2019 foron de 17.511€ mentres que os dos homes se situaron nos 22.038€, o que sitúa a fenda salarial de xénero no 20,5%. Unha redución aparente xa que non melloraron as condicións salariais das mulleres, senón que empeoraron as dos homes.

Carta Social Europea

Diante deste panorama a CIG defende que se incremente o Salario Mínimo Interprofesional atendendo ás recomendacións da Carta Social Europea, segundo a que tería que

ser de, cando menos, o 60% do salario medio, que está en 1.917€, segundo o INE, o que situaría o SMI en 1.150€. Unha proposta, que como lembra o secretario xeral da CIG, a central sindical nacionalista xa defendía no ano 2016.

Paulo Carril lamenta o atraso de 5 anos na actualización deste indicador e rexeita que se sitúe novamente o debate no chamado Diálogo Social. “O que temos é que aplicar, dunha forma clara e inequívoca, o que establece a Carta Social Europea”, máis cando quen están no diálogo social, UGT e CCOO, xa no ano 2017 tiñan asinado un acordo, daquela co goberno do PP, onde se situaba o SMI, no mellor dos casos, en 850€ para 2020.

Xunto a isto, a CIG defende que, coa ratificación do Estado español da Carta Social Europea –revisada ao texto de 1996–, se ratifiquen tamén todos os protocolos de reclamación colectiva do ano 1995.

Os coidados estarán no centro da negociación colectiva en tempos da Covid

A negociación colectiva xoga un papel fundamental para poder combater a pobreza laboral e dignificar as condicións laborais e salariais. Porén, so pretexto da pandemia provocada pola Covid-19, está practicamente paralizada. Se á altura do mes de decembro xa se asinaron 152 convenios, que atinxían a 205.000 traballadores e traballadoras, en 2020 só se negociaron a metade e atinxiron a apenas 77.000.



A prevalencia dos convenios de empresa traducíuse en incrementos salariais dun 0,3% en 2020, con xornadas de 4 horas máis que na media anual do Estado ou 8 horas máis, no caso dos convenios de sector.

A patronal aproveitou a Covid para imposibilitar a celebración de asembleas ou o reparto de información nos centros de traballo e promoveu un modelo telemático de negociación que dificultou a comunicación coas traballadoras e traballadores. Un modelo que denuncia o secretario confederal de Negociación Colectiva, Francisco González Sío, que defende a necesidade de recuperar as xuntanzas físicas garantindo as necesarias medidas de prevención.

Ás consecuencias da Covid, González Sío engade a limitación da negociación colectiva por parte dos sindicatos españois e a patronal, que o supeditan todo ao diálogo social “furtando o dereito das traballadoras e traballadores galegos a negociar desde Galiza as súas condicións laborais”.

A CIG ten elaborado unha plataforma de mínimos para encarar a negociación colectiva en 2021 que ten especialmente en conta as situa-

cións que se están a vivir nos centros de traballo por mor da pandemia, en cuestións como a adaptación de xornada para a atención da poboación vulnerable, nomeadamente maiores e crianzas, coas solicitudes de coidados; de redución de xornada; xornadas intensivas ou licenzas remuneradas.

A plataforma contempla tamén compensacións de salario nas continxencias comúns e nas corentenas derivadas da Covid, porque isto “está provocado unha perda de salario por parte das traballadoras e traballadores” ou medidas para que as e os eventuais, que perderon os seus postos de traballo na primeira parte da crise sanitaria, recuperen os seus empregos.

Canto aos ERTE, González Sío subliña os grandes problemas que houbo, e que se repetiron nesta segunda vaga, cos atrasos dos pagamentos e considera que ten que se negociar tanto a compensación ao 100% como o pagamento inmediato, porque “hai traballadores que levan meses sen percibir esa contía tan necesaria para vivir”.

Xunto a isto a CIG demanda o control das novas formas de explotación laboral que provocan que un 60% da

clase traballadora galega estea por debaixo dos 15.000€ de retribución anual. Para isto defende ter un especial control das ETT; da contratación a tempo parcial; a prohibición das empresas multiservizos ou a obriga de que se aplique nos Centros Especiais de Emprego e na subrogación o convenio de sector.

Redución da xornada laboral

A CIG defende tamén a introdución de medidas que favorezan a redución da xornada laboral para posibilitar un reparto do tempo de traballo e poder baixar a taxa de paro. Canto aos salarios, a central sindical denuncia que, na maioría dos convenios de carácter estatal, aínda non aplican o SMI actual porque teñen as táboas salariais sen actualizar.

Aínda que este ano vai acabar co IPC en negativo, é previsible unha suba do PIB no momento no que a vacina comece a funcionar e a actividade volva á normalidade. Daquela poderíase producir un incremento do IPC e “se non hai cláusulas de garantía salarial haberá unha elevada perda de poder adquisitivo por parte da clase traballadora”. Por iso a CIG defende a súa inclusión en todos os convenios.



A intervención pública é a solución para a continuidade industrial de San Cibrao

Tras a anulación do ERE, Alcoa avalía a venda á SEPI

A sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza anulando o ERE de Alcoa abriu un novo escenario ao que a multinacional reaccionou formulando a posibilidade de retomar a venda, mais só da planta de aluminio e só a través da SEPI.

Porén, na primeira xuntanza á que convocou ao comité para abordar esta proposta, a empresa esixiu como condición indispensable a desconvocatoria da folga indefinida, mais sen comprometerse á reconstrución das cubas, nin a incorporar o persoal necesario para evitar a parada forzosa das series de electrólises. É dicir, demanda 'paz social' sen ofrecer ningunha garantía de abandonar o seu plan de desmantelamento.

Deste xeito, Alcoa reafirmase na súa vontade de non continuar coa produción de aluminio primario na Mariña e segue sen darlle unha normalidade a actividade da fábrica que asegure as capacidades produtivas e o mantemento dos empregos agora e no futuro, posto que no prazo dos nove meses que estima durará o proceso de venda, as cubas irían morrendo até producir a caída das series.

Decisións políticas

Por iso, malia o enorme éxito que supón a sentenza do TSXG, a nulidade xudicial do ERE non ofrece unha solución definitiva para o complexo de San Cibrao, senón que esta depende de decisións políticas. Neste senso, o secretario xeral da CIG, Paulo Carril, insta novamente o Goberno español e a Xunta de Galiza a avanzar na intervención pública da factoría cunha solución amigábel a través da venda ou pola vía da expropiación, "mais en calquera caso asegurando unhas condicións na fábrica que permitan recuperar a produción industrial e manter os empregos".

Carril subliña que canto máis demoren os Gobernos en actuar de forma decidida "máis correspondébeis



serán das decisións que poida adoptar Alcoa para consumir o seu plan de peche". Pídelle ao Ministerio de Industria e á Xunta pór enriba da mesa un calendario con datas e actuacións concretas "como mostra do compromiso inequívoco de ambos os gobernos na continuidade produtiva de San Cibrao; pois sería intolerábel que, tombado o ERE, Alcoa puidese consumir o peche deixando morrer a fábrica aos poucos mentres enreda en negociacións infrutuosas", advirte.

O secretario xeral da CIG salienta que chegar até este punto do conflito non sería posíbel sen a loita incansábel e o tremendo esforzo colectivo realizado polos traballadores/as e o conxunto da cidadanía da Mariña, e lanza un chamado a seguir coas mobilizacións "para forzar a intervención das administracións e dobregar as pretensións de Alcoa".

Carril lembra que un dos argumentos de Alcoa para xustificar o ERE é o elevado custo da enerxía no Estado español e, malia isto, o Goberno demorou de maneira inxustificada durante dous anos a aprobación do Estatuto do Consumidor Electroativo.

Unha regulación "que chega tarde e segue sendo insuficiente" para dar

unha solución definitiva, posto que non aclara cal será a rebaixa efectiva no prezo da electricidade, malia que esta indefinición é á que se veñen agarrando as empresas para ameazar a continuidade dos postos de traballo e da actividade produtiva.

Tampouco modifica o mercado de casación de prezos no mercado maiorista aínda que isto constitúe a principal causa do alto prezo da luz para estas industrias; non se eliminan da tarifa o 100% das peaxes que non teñan unha relación directa co funcionamento do sistema; e rebáixanse os requisitos para ter a con-

sideración de electrointensiva, desvirtuando así esta condición e diluíndo o impacto das compensacións por CO2.

Ademais non establece garantías reais de emprego e mantemento da produción, ao permitírselles ás empresas recortar até nun 80% os postos de traballo e a actividade. A maiores, alerta Carril, "fíase a dúas variábeis absolutamente arbitrarias conseguir un prezo estábel e competitivo: o prezo á baixa polo impacto que o Goberno cre suporá a introdución de renovábeis e a que as PPA sexan a solución facéndoas atractivas a través do Fondo de Reserva".

O estatuto das electrointensivas chega tarde e é insuficiente.



A CIG mobilízase por unha saída galega xusta da crise

A CIG desenvolveu unha xornada de mobilizacións de delegadas e delegados nas sete cidades e mais en Vilagarcía, O Porriño, Redondela, Verín, Lalín, Ribeira, Cee e Foz para esixir unha saída favorábel aos intereses da clase traballadora galega. Unha reivindicación que cobra maior urxencia tendo en conta que as medidas que se están a adoptar polo Goberno español e a Xunta son insuficientes, cando non inexistentes, para encetar unha auténtica recuperación económica e social e para conseguir solucións xustas ás realidades da dixitalización e dos procesos de descarbonización da economía.

As concentracións enmárcanse na campaña que a Confederación Intersindical Galega está a desenvolver e pola cal xa se celebraron asembleas comarcais para debater o documento de propostas para a recuperación económica, a industrialización e creación de emprego digno na Galiza elaborado pola central.

O secretario xeral, Paulo Carril, subliña que nin os Orzamentos Xerais do Estado nin os Orzamentos da Xunta para o ano 2020 contemplan as actuacións necesarias para dar unha resposta xusta á crise derivada da pandemia, e que na Galiza ten

un especial impacto a causa da crise industrial e social na que xa estabamos previamente.

Advirte que afrontamos esta nova crise cando aínda arrastramos as consecuencias das anteriores, coas agresivas políticas aplicadas nos últimos anos en pleno vigor e coa perspectiva de que se nos van impor "as mesmas receitas neoliberais de sempre". Fronte a esta realidade, Carril chama a non resignarse ante a incerteza actual e pasar á mobilización "porque os dereitos hainos que conquistar e é a mobilización a que fai avanzar a aplicación das políticas alternativas".

O Encontro Nacional de Mulleres da CIG acorda convocar Folga de Mulleres o 8 de Marzo

O VII Encontro Nacional de Mulleres celebrado o pasado decembro en Compostela, acordou convocar Folga de Mulleres de 24 horas para este 8 de Marzo. Para preparar a xornada de paro xeral e as mobilizacións do Día Internacional da Muller Traballadora, a central nacionalista celebrará durante as próximas semanas asembleas de afiliadas en todas as comarcas do país.

Margarida Corral, secretaria confederal das Mulleres da CIG, subliña que se nos anos anteriores había razóns sobradas para xustificar a folga de mulleres, "a precarización das condicións laborais, a perda de dereitos e a sobrecarga de traballo a

consecuencia da pandemia fan que a convocatoria teña aínda máis sentido para este 8 de Marzo".

Así, fai un chamamento a secundar a folga para denunciar a hipocrísia e a falsidade coa que se trata a problemática específica das mulleres tanto por parte da patronal como por parte do poder político e do sistema. Corral lembra que a pesar de terse convocado un Paro Internacional de Mulleres en 2018 e unha folga laboral e de coidados de mulleres de 24 horas en 2019, acompañadas das mobilizacións máis numerosas da historia recente, "o certo é que non houbo mudanzas salientábeis nin a nivel legal nin a nivel real".

Neste senso, sinala que a pandemia amosou que os traballos feminizados son traballos esenciais para o desenvolvemento da sociedade, "mais as mulleres non fomos obxecto de ningunha política específica destinada nin a protexer a nosa saúde, sobreexponéndonos ao virus, nin tampouco se nos recompensou o noso sobreesforzo cunha revalorización social e económica do noso traballo. Todo o contrario, as únicas políticas adoptadas polos gobernos, tanto no Estado como na Xunta, foron dirixidas a reducir os nosos salarios e a asumir de balde os coidados que o sistema deixou de realizar".